

# **ASEMBLEA XERAL 2024**

---

**Sumar**  
Galicia

## **RELATORIO ORGANIZATIVO**



# **RELATORIO ORGANIZATIVO MOVEMENTO SUMAR GALICIA**

3

4

<b>5 INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>3</b>
<b>6 Quen somos, onde estamos e onde queremos ir.....</b>	<b>4</b>
7 O nome e a organización.....	4
8 Relación con Movimiento Sumar.....	4
9 Fins, actividades e principios ideolóxico-políticos.....	4
10 Ámbito de actuación e da sede social.....	5
<b>11 A organización como ferramenta.....</b>	<b>6</b>
12 Funcionamento democrático na toma de decisións.....	6
<b>13 As persoas de Movemento Sumar Galicia.....</b>	<b>7</b>
14 Afiliadas ou membros.....	7
15 Obrigas das persoas afiliadas.....	7
16 Dereitos da afiliación.....	8
17 Baixa de afiliación.....	8
18 Altas colectivas.....	9
19 Persoas voluntarias.....	9
20 Inscritos ou simpatizantes.....	9
21 Réxime disciplinario, sancións e garantías.....	9
<b>22 Organización Nacional.....</b>	<b>10</b>
23 Asemblea Xeral.....	10
24 Competencias da AX.....	10
25 Convocatoria de Asemblea Xeral Ordinaria.....	10
26 Convocatoria de Asemblea Xeral Extraordinaria.....	11
27 Constitución da Asemblea Xeral.....	11
28 A Coordinadora Nacional.....	11
29 Elección dos membros da Coordinadora Nacional.....	11
30 Funcionamento da Coordinadora Nacional.....	12
31 Funcións da CN.....	12
32 Composición da Coordinadora Nacional.....	12
33 Presidencia de Sumar Galicia.....	13
34 Executiva Nacional.....	13
35 Composición.....	13
36 Competencias da Executiva Nacional.....	14
37 Secretaría xeral.....	14
38 Secretarías nacionais.....	15
39 Secretaría de Organización.....	15
40 Secretaría de Finanzas.....	15

1	Secretaría de Comunicación.....	15
2	Secretaría de Mobilización.....	16
3	Grupos Sectoriais.....	16
4	<b>Organización Territorial.....</b>	<b>18</b>
5	Asemblea Comarcal.....	18
6	Convocatoria.....	18
7	Competencias.....	18
8	Coordinadora Comarcal.....	19
9	Asembleas Locais.....	19
10	Responsabilidade de Coordinación Territorial.....	20
11	<b>Cargos públicos.....</b>	<b>21</b>
12	<b>As Finanzas.....</b>	<b>22</b>
13	Carta financeira.....	22
14	<b>Comunicación interna e externa, cohesión, formación.....</b>	<b>23</b>
15	Comunicación interna: informar sen saturar; formar para cohesionar.....	23
16	Formación ideolóxica, política, organizativa - maior fortaleza interna e unidade.....	23
17	Comunicación externa.....	24
18	<b>O municipalismo, pedra de clave.....</b>	<b>25</b>
19		
20		
21		
22		
23		
24		
25		
26		
27		
28		
29		
30		
31		

## **1 INTRODUCCIÓN**

2

3 O Movemento Sumar Galicia constitúese co obxectivo de dar unha volta ao xeito de  
4 funcionar das organizacións políticas.

5

6 Por unha banda, búscase a construcción dunha organización con bases sólidas, con  
7 vinculacións claras entre a afiliación (militancia ou membros, de maneira indistinta); que  
8 teña implantación territorial e traballe de abajo a arriba; que sexa quen de manter un  
9 discurso e proxecto coerentes en todo o País, en tódolos municipios e en tódolos seus  
10 actos; que sexa quen de actuar con unidade cando a situación o requira.

11

12 Por outro lado, búscase que exista permeabilidade co tecido social do País; que sexa quen  
13 de relacionarse con outras organizacións en igualdade e sen imposicións; que posúa  
14 mecanismos de debate e participación democráticos e en tódolos niveis; que sexa quen de  
15 achegar o esforzo dunha parte da sociedade que só se implica puntualmente; que sexa  
16 flexible e incardinada de xeito humilde e colaborativo na vida diaria de todo o País.

17

18 O Movemento Sumar Galicia defíñese coas verbas laboralismo, ecoloxismo, feminismo e  
19 igualdade. É o concepto propio das ideas progresistas do século XXI na súa propia esencia.  
20 Autonomeámonos como a forza que reivindica a unión das organizacións políticas e sociais  
21 do noso país que buscan e loitan por unha sociedade mais igualitaria e con menos  
22 discriminación pola orixe das persoas, tratando de que a palabra “meritocracia” cobre un  
23 sentido real afastado das correntes actuais onde “o berce” no que naces define o teu futuro.

24

25 Neste senso e coa finalidade de rexeitar os movementos de odio e ruído, o Movemento  
26 Sumar Galicia organízase como a forza que pode levar a cabo as iniciativas precisas para  
27 axustar riqueza, traballo e dignidade dentro da mesma sociedade, sendo quen de facer  
28 fincapé nas problemáticas reais e afrontarlas. Traballar para que a sociedade sexa  
29 escoitada e xustamente tratada, sen ter medo ós avances pero sen esquecer de onde vimos  
30 e sobre todo, cara onde nos diriximos.

31

32

33

34

35

36

37

38

39

40

41

## **1 Quen somos, onde estamos e onde queremos ir**

2

### **3 O nome e a organización**

4 O Movemento Sumar Galicia nace coa vontade de representar á cidadanía de Galicia da  
5 mellor maneira, e sempre dende a participación e a colaboración.

6

7 Movemento, porque non só queremos acceder aos distintos niveis de goberno para avanzar  
8 na mellora da vida, senón porque queremos facelo co impulso da mayoría social e contando  
9 coa sociedade en todo momento.

10

11 Sumar, porque temos a vontade de representar ao conxunto da sociedade, tanto ás persoas  
12 individuais, como tamén a multitud de organizacións sectoriais e políticas que forman un  
13 tecido social vivo, disruptivo e combativo. E queremos, ademáis, facelo de maneira  
14 colaborativa, baseándonos no respecto, non na imposición.

15

16 Galicia, porque nos comprometemos co País e con representalo, pero dende unha óptica  
17 confederal e colaborativa, tanto co resto do Estado como con Europa.

18

19 Queremos ser, daquela, unha organización fondamente democrática, respectuosa coa  
20 diferencia. Baseada no debate e na negociación. Unha organización aberta, plural,  
21 comprometida. Unha organización por e para a xente, pero tamén coa xente.

22

23

## **24 Relación con Movimiento Sumar**

25 O MOVIMENTO constitúese como unha organización autónoma federada con Movimiento  
26 Sumar, organización coa que comparte principios ideolóxicos, programáticos e orgánicos.

27 Vínculanse con Movimiento Sumar ao abeiro do disposto no "Protocolo de relación entre  
28 MOVIMENTO SUMAR GALICIA e Movimiento Sumar".

29 MOVIMENTO SUMAR GALICIA é, pois, unha organización dotada de órganos de  
30 dirección, finanzas e personalidade xurídica propios e diferenciados, e ostentando a plena  
31 representación no territorio da Comunidade Autónoma Galega.

32

33 A relación entre ambas organizacións debe basearse, en todo caso, no respecto, na  
34 colaboración e no acordo.

35

## **36 Fins, actividades e principios ideolóxico-políticos**

37 O MOVIMENTO ten como obxectivo loitar por unha Galicia máis xusta e social, que traballe  
38 a prol da igualdade e a diversidade, que sexa respectuosa co medio natural, na que se  
39 defenda a clase traballadora dende tódolos ámbitos administrativos e políticos.

40

41 Para conseguilo traballarase na sociedade, en tódolos ámbitos que se considere, facendo  
42 especial fincapé no labor sindical, asociativo e na mocidade. É un principio fundamental da  
43 nosa organización procurar a maior transparencia na toma de decisións e a participación

1 democrática no día a día.  
2 Impulsarase a creación dun grupo de mocidade dentro do Movemento, co obxectivo de  
3 abrirnos ás xeracións más novas do país. Poderán dotarse dun equipo de coordinación e  
4 estruturarse territorialmente nas comarcas, a imaxe do Movemento.  
5 Así mesmo, procurarase crear grupos de traballo de estudantado nas universidades e  
6 centros educativos, contando se fose posible coa colaboración de docentes membros do  
7 Movemento.  
8 Existirán tamén grupos sectoriais nos que a afiliación poderá aportar o seu saber e  
9 experiencia para realizar propostas de cara a mellorar as nosas iniciativas.  
10  
11 O ideario propio do MOVEMENTO é o que se recolle no Relatorio Político aprobado en  
12 cada Asamblea Xeral.  
13 Os principios éticos do MOVEMENTO serán os establecidos no Código Ético, que será  
14 aprobado na asemblea constituyente e revisado se fose preciso en cada Asemblea Xeral  
15 subseguiente.  
16

## 17 **Ámbito de actuación e da sede social**

18 Sumar Galicia constitúese en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.  
19 A sede social do MOVEMENTO estará emprazada na cidade de Santiago de Compostela. A  
20 Coordinadora Nacional terá potestade para mudar o enderezo dentro do término municipal.  
21  
22  
23  
24  
25  
26  
27  
28  
29  
30  
31  
32  
33  
34  
35  
36  
37  
38  
39  
40  
41  
42  
43  
44

## **1 A organización como ferramenta**

2

3 Como indicabamos antes, queremos ser unha organización aberta, plural, comprometida.

4 Unha organización por e para a xente, pero tamén coa xente. Movemento Sumar Galicia

5 nace coa firme vontade de construír unha ponte entre a sociedade e as administracións,

6 que sirva para facer chegar as demandas e necesidades de diferentes colectivos e

7 entidades aos seus representantes.

8

9 Queremos ser unha ferramenta de colaboración e de mellora social. Unha organización  
10 aberta ao cambio.

11

12 Cremos na política como unha maneira de gañar dereitos e oportunidades para todas, con

13 equidade, indistintamente da orixe, xénero, poder adquisitivo ou calquera outro

14 condicionante

15

16 Cremos nunha organización que sexa quen de renovarse e evolucionar, incorporando a

17 crítica construtiva para mellorar e adaptándose ás novas realidades políticas para tecer un

18 movemento de unión e non de enfrentamento. Unha organización con liderazgos

19 compartidos e democráticos, lonxe do absolutismo que se asocia co exercicio do poder

20 interno.

21

## **22 Funcionamento democrático na toma de decisións**

23

24 O funcionamiento interno do MOVEMENTO rexerase polo presente relatorio, que poderá

25 ser adaptado a un formato de regulamento co obxecto de dotalo de claridade, e pola

26 lexislación vixente, en aplicación dos principios e valores do noso Código Ético, en particular

27 no referido á adopción democrática das decisións.

28

29 Todas as decisións serán tomadas de xeito democrático e respectando a pluralidade de

30 opinións e con vontade de lograr amplos consensos. Resultará aplicable a maioría simple,

31 excepto cando os presentes estatutos establezan outros sistemas.

32

33 O voto é indelegable e será sempre presencial, agás para as votacións telemáticas e

34 aqueles procesos nos que os presentes estatutos autoricen o voto electrónico ou anticipado.

35 En concreto, poderán realizarse votacións telemáticas para aqueles asuntos que non

36 requiran a participación da afiliación, nomeadamente na elección de candidaturas ao

37 Parlamento de Galicia ou Congreso dos Deputados, acordos ou aprobación de programas

38 electorais. A convocatoria de calquera consulta telemática deberá ser aprobada e

39 organizada pola Executiva Nacional.

40

41

## **1 As persoas de Movemento Sumar Galicia**

2

3 Formamos unha organización na que poidan integrarse comodamente todas as persoas que  
4 se sintan representadas polos nosos principios e valores: o progresismo, a conciencia de  
5 clase, a defensa dos servizos públicos e universais, a igualdade e respecto entre os pobos  
6 do estado, a diversidade e a igualdade entre toda a cidadanía. E que rexeiten e se afasten  
7 do odio, a discriminación e valores arcaicos e totalitarios.

8

9 Existen tres xeitos principais de participar do Movemento Sumar Galicia: como afiliado ou  
10 membro, que tamén pode identificarse como militante; inscritos ou simpatizantes; e persoas  
11 voluntarias.

12

13

### **14 Afiliadas ou membros**

15

16 Pódese afiliar e, en consecuencia, ser membro do Movemento Sumar Galicia calquera  
17 persona cunha idade igual ou superior aos 16 anos, que acepte os estatutos e o programa  
18 do MOVEMENTO, así como o Código Ético, que participe regular e activamente da vida  
19 organizativa e política, e contribúa coas cotizacións que se sinalen.

20

21 O ingreso no MOVEMENTO é individual, sendo a Executiva Nacional quen procederá a dar  
22 o visto e prace a alta na súa respectiva localidade.

23 Cada persoa estará adscrito á súa localidade e comarca habituais de residencia, na que  
24 participará. Poderá solicitar o traslado da súa inscripción a outra localidade mediante  
25 comunicación escrita dirixida á Secretaría de Organización.

26 A afiliación do MOVEMENTO debe realizar o seu labor político no seu lugar de traballo ou  
27 estudo e na súa contorna, levando a cabo os acordos e liña política definida polo conxunto  
28 da organización.

29

### **30 Obrigas das persoas afiliadas**

31

32 Son obrigas das persoas afiliadas ao MOVEMENTO, as seguintes:

33     • Respectar as canles orgánicas, para construír a organización en base á lealdade e  
34       ao diálogo, e aos principios democráticos que nos representan.

35     • Espallar a propaganda da Organización, para facilitar a incorporación de novas  
36       persoas ao Movemento, facilitar que se coñezan as nosas iniciativas e achegarnos  
37       máis á sociedade civil.

38     • Cumprir de maneira responsable coas tarefas asumidas de maneira voluntaria e  
39       aqueñas emandas das responsabilidades asumidas internamente.

40     • Cotizar coa cota que se marque, como xeito de garantir a suficiencia económica da  
41       organización.

42     • Empregar o idioma galego e defender a nosa cultura, que son un patrimonio  
43       inmaterial do que nos orgullecemos.

- 1     ● Posibilitar a execución dos acordos tomados no MOVEMENTO e nas organizacións  
2     das que formamos parte, garantindo así o cumprimento dos valores democráticos  
3     propios do noso movemento.
- 4     ● Cumprir e acatar os estatutos do MOVEMENTO, acordados polo conxunto da  
5     afiliación.
- 6     ● Cumprir os acordos da dirección a respecto da participación en colectivos,  
7     organizacións e movementos de masas apoiados pola nosa organización.

## 10 Dereitos da afiliación

- 11
- 12 Son dereitos da afiliación do MOVEMENTO SUMAR GALICIA:
- 13     ● Contribuír a definir a orientación política do MOVEMENTO, participando en todos os  
14     debates que se dean no seo da Organización.
  - 15     ● Elixir e ser eleita ou eleito para os cargos e órganos de dirección da Organización.
  - 16     ● Posicionarse, privadamente, sobre o traballo ou decisións políticas de calquera  
17     membro ou órgano do MOVEMENTO, sempre que sexa de maneira construtiva.
  - 18     ● Recibir axuda en caso de problemas derivados da sua pertenza ao MOVEMENTO.
  - 19     ● Recibir formación, información e documentación da Organización.
  - 20     ● Ser escoitada ou escoitado polo órgano pertinente en proceso disciplinar aberto  
21     contra a súa persoa.
  - 22     ● Empregar os medios materiais dos que dispón a Organización para o traballo político  
23     e organizativo.
  - 24     ● Participar plenamente en todas as estruturas e organismos do MOVEMENTO, nas  
25     condicións establecidas nos relatorios da Asemblea Xeral.
  - 26     ● Participar nas actividades desenvolvidas polo MOVEMENTO e polas organizacións  
27     coas que compartamos proxectos.
  - 28     ● Calquera outro derivado da sua militancia naquelhas organizacións, federacións,  
29     coalicións, etc, das que o MOVEMENTO forme parte.

## 32 Baixa de afiliación

- 33
- 34 A afiliada ou o afiliado causará baixa por calquera dos seguintes motivos:
- 35     ● Por petición propia, presentada por escrito perante a Secretaría de Organización.
  - 36     ● Deixar de cotizar durante seis meses, e previa notificación por escrito indicando un  
37     plazo de 30 días para poñerse ao día. Eso non será aplicable de mediar  
38     imposibilidade manifesta para facer fronte ao pagamento ou algunha causa de forza  
39     maior. Tampouco será de aplicación se este feito fora atribuible a erros da  
40     organización.
  - 41     ● Perda das condicións requeridas nos presentes Estatutos.
  - 42     ● Por expulsión validamente acordada nos órganos competentes.
  - 43     ● Por falecemento da persoa.

## **1 Altas colectivas**

2

3 Outra organización que cumpra os requisitos legais para actuar como partido político poderá  
4 solicitar a súa integración no MOVEMENTO SUMAR GALICIA.

5 Neste caso será o Coordinadora Nacional a que aceptará ou denegará, con causa  
6 xustificada, o seu ingreso.

7 En caso de ser aceptado o ingreso, a organización solicitante procederá á súa disolución e  
8 as partes redactarán e acordarán un documento polo que se rexerá o traspaso de todo o  
9 seu activo e pasivo, así como de todos os seus ficheiros e fondos documentais, ao  
10 Movemento.

11

12

## **13 Persoas voluntarias**

14

15 As persoas voluntarias son persoas que expresan a sua disponibilidade a colaborar co  
16 MOVEMENTO na sua acción política nun momento puntual (unha campaña, acto, etc).

17 Será tarefa dos/das responsables da acción política puntual determinar o alcance da  
18 colaboración, así como de valorar a súa inclusión no censo de simpatizantes.

19

## **20 Inscritos ou simpatizantes**

21

22 Os/as simpatizantes ou inscritos son persoas próximas ao ideario e acción política do  
23 MOVEMENTO que aínda non están dispostas a asumir o compromiso da militancia. É labor  
24 da Secretaría de Organización manter un censo de simpatizantes.

25 O MOVEMENTO recoñecelles o direito a participar nas assembleas locais e comarcas con  
26 voz pero sen voto.

27 Poderán participar activamente na vida organizativa e recibir información e formación. Así  
28 mesmo, obríganse a respectar o Código Ético e os valores da organización.

29 Poderán modificar a súa situación e dar o paso de afiliarse en calquera momento.

30

31

## **32 Réxime disciplinario, sancións e garantías**

33

34 O MOVEMENTO dótase dun Código Ético que recolle os criterios disciplinarios e  
35 sancionadores da nosa organización, e establece o funcionamento do Comité de Garantías.

36 Este código ético apróbase nun relatorio aparte, mais forma parte integral das normas  
37 internas coas que nos dotamos.

38

39 O Comité de Garantías estará formado por 5 titulares e 3 suplentes, escollidos pola  
40 Asamblea Xeral a proposta da dirección saínte.

41

42

## **1 Organización Nacional**

2

3 Como en toda organización política, Movemento Sumar Galicia dótase duns órganos  
4 rectores para dirixir a organización, facer cumplir os estatutos e regulamentos da mesma,  
5 marcar a acción política e cun claro obxectivo de facela crecer, e coa fin principal de  
6 achegar a voz da sociedade a tódalas instancias políticas.

7

8 Funcionarán baseándose nos principios democráticos e asemblearios dos que nos  
9 dotamos, procurando o maior consenso no seu traballo.

10

11 A Organización do MOVIMENTO adopta a seguinte estratificación no ámbito nacional  
12 galego:

- 13     ● Asemblea Xeral
- 14     ● Coordinadora Nacional
- 15     ● Presidencia
- 16     ● Executiva Nacional
- 17     ● Secretaría Xeral
- 18     ● Secretarías
- 19     ● Comisión de Garantías

20

### **21 Asemblea Xeral**

22

23 A Asemblea Xeral é o órgano soberano no cal pode participar toda a afiliación.

24

### **25 Competencias da AX**

26

- 27     ● Definir e aprobar os principios organizativos do MOVIMENTO, mediante a  
28         aprobación dun Relatorio Organizativo.
- 29     ● Definir e aprobar os principios ideolóxicos e a liña táctica e estratégica do  
30         MOVIMENTO, mediante a aprobación dun Relatorio Político.
- 31     ● Analizar, debater e aprobar se procede os informes de xestión política e económica  
32         presentados pola CN saínte.
- 33     ● Elixir aos membros da Coordinadora Nacional que lle corresponda.
- 34     ● Modificar os estatutos da Organización.
- 35     ● Acordar a disolución da organización.

36

37

### **38 Convocatoria de Asemblea Xeral Ordinaria**

39

40 A Asamblea Xeral celebrarase bianualmente en sesión ordinaria, previa convocatoria desta  
41 pola Coordinadora Nacional cun mínimo de dous meses de antelación.

42

43 Para que a convocatoria sexa válida, a Coordinadora aprobará:

- 44     ● A convocatoria da Asamblea indicando data e cidade onde se levará a cabo.

- Un calendario onde se reflictan todas as datas relevantes para o proceso, incluíndo alomenos prazo de peche do censo, prazos de emendas e de presentación de candidaturas.
- Un regulamento que rexirá o proceso Asamblear. Este regulamento será válido e inenmendable ata a constitución da Asamblea, que poderá, no primeiro punto da orde do día, debater e aprobar se procede propostas de modificación do regulamento, que en todo caso non poderán ter efectos retroactivos.

Poderá adiantarse a convocatoria se as circunstancias políticas ou organizativas así o indicaran, sempre que pasara alomenos un ano dende a anterior Asamblea Xeral.

11  
12

### **13 Convocatoria de Asemblea Xeral Extraordinaria**

14  
15 Poderá convocarse Asamblea Xeral de xeito extraordinario a petición dun terzo da Coordinadora Nacional ou dun terzo das comarcas. Neste caso, a proposta irá acompañada dunha orde do día e tan só poderá tratar sobre os temas específicos para o que é convocada, non podendo cambiar a liña política. Será convocada con, polo menos, un mes de antelación. No resto de aspectos, terase en conta o establecido para as Asambleas Ordinarias.

21  
22

### **23 Constitución da Asemblea Xeral**

24  
25 A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis unha das persoas afiliadas na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes. Deberá contarse en todo caso, coa presenza da Presidencia e Secretaría Xeral ou de Organización saíntes, ou persoa que o substitúa.

30  
31

### **32 A Coordinadora Nacional**

33  
34 A Coordinadora Nacional representa o máximo órgano de decisión de Movemento Sumar Galicia entre Asembleas Xerais Ordinarias. Representa a todas as persoas inscritas e aos territorios, e dispón das súas propias competencias.

37  
38

### **39 Elección dos membros da Coordinadora Nacional**

40  
41 A Asemblea Xeral elixirá a 30 membros da Coordinadora Nacional. Estes e estas serán electos e electas en lista fechada. A Coordinadora Nacional saínte poderá propor por maioría de 3/5 unha proposta de lista. Resultará electo Secretario ou Secretaria Xeral quen

1 encabece a lista máis votada, e Presidente ou Presidenta quen ocupe o número 2 da  
2 mesma candidatura.

3

#### 4 Funcionamento da Coordinadora Nacional

5

6 A Coordinadora Nacional establecése como máximo organismo de dirección política da  
7 Organización entre Asembleas Xerais. Reunirase de forma ordinaria con periodicidade  
8 trimestral e de forma extraordinaria cando sexa necesario.

9 A convocatoria ordinaria deberá ser realizada cun mínimo de sete días de antelación, e  
10 corespondelle á Presidencia co visto e prace da Secretaría Xeral, coa Orde do Día  
11 aprobada pola Executiva Nacional.

12 Tamén poderá reunirse, de forma extraordinaria, a petición dun terzo dos seus membros.  
13 Pola súa banda, a convocatoria extraordinaria será abondo facela con 48 horas de  
14 antelación.

15

16 Deberá levantarse acta de cada unha das xuntas deste organismo, contemplándose polo  
17 menos os asistentes e acordos adoptados, a dita acta poderá ser consultada pola afiliación.

18

19 As Coordinadoras Nacionais poderán ser abertas á participación con voz e non con voto a  
20 toda a afiliación, simpatizantes e colaboradores, previo acordo da Executiva Nacional.

21

22

#### 23 Funcións da CN

24

- Dirixir o traballo táctico, estratégico e organizativo do MOVEMENTO, seguindo os acordos emanados da AX
- Convocar as AX ordinarias e extraordinarias, elaborando os documentos base de debate
- Convocar Encontros Plenarios para analizar o momento político ou discutir aspectos puntuais monográficos
- Velar polo estrito cumprimento das resolucións adoptadas na AX.
- Elaborar as propostas de actuación recollidas do conxunto da afiliación.
- Aprobar o plan de actividades.
- Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
- Establecer a cota de afiliación.

37 Estas funcións non son delegables, podendo asignar á Executiva Nacional aquelas non  
38 detalladas específicamente como propias.

39

40

#### 41 Composición da Coordinadora Nacional

42

43 Estará formada por:

- 1     ● As e os 30 membros de elección directa na Asemblea Xeral, cuxa elección  
2       efectuarase por listas fechadas, que deberán garantir a paridade, e baixo o  
3       procedemento proporcional directo.
- 4     ● Un coordinador de cada comarca, co fin de garantir a representación das comarcas  
5       neste organismo e o traslado das decisións adoptadas por este ao conxunto da  
6       organización. Neste senso, en todas as comarcas nomearase tamén un  
7       vicerresponsable comarcal que substituirá ao responsable comarcal, con voz e voto,  
8       cando este non poida asistir ás xuntanzas.
- 9     ● As 4 coordinacións provinciais.

10  
11

## 12 Presidencia de Sumar Galicia

13  
14 A Presidencia de Sumar Galicia ten como tarefas:  
15     ● Dirixir os traballos e debates da Coordinadora Nacional  
16     ● Convocar as xuntanzas Ordinarias e Extraordinarias da Coordinadora co visto e  
17       prace da Secretaría xeral  
18     ● Ostentar, sempre de acordo coas indicacións da Executiva, a representación de  
19       Sumar Galicia en actos institucionais  
20  
21

## 22 Executiva Nacional

23  
24 A Executiva Nacional está encargada de actuar no día a día da organización, executar a  
25 estratexia política e dirixir o traballo interno, e está dirixida pola Secretaría Xeral.  
26 Dela forman parte as distintas secretarías e terá a responsabilidade de coordinar o traballo  
27 dos equipos de apoio a Movemento Sumar Galicia.  
28  
29

## 30 Composición

31  
32 A Executiva Nacional estará conformada por 11 membros de entre os da Coordinadora  
33 Nacional eleitos pola Asemblea Xeral, a proposta da Secretaría Xeral eleita e ratificados na  
34 propia Asamblea; e polos 4 Cordinadoras e Cordinadores provinciais.  
35  
36 Na súa primeira xuntanza distribuiranse as distintas Secretarías Nacionais entre todos os  
37 membros natos da Executiva Nacional, non podendo quedar ningún deles sen  
38 responsabilidade.  
39 Será obligatoria a existencia das seguintes Secretarías Nacionais: Secretaría Xeral,  
40 Secretaría de Organización, Secretaría de Finanzas, Secretaría de Igualdade, Secretaría de  
41 Formación e Secretaría de Comunicación.  
42  
43 En caso de causar baixa un membro da Executiva Nacional, substituirase a proposta da  
44 Secretaría Xeral e ratificado pola Coordinadora Nacional.

1

2

### 3 Competencias da Executiva Nacional

4

5 A executiva nacional ten, entre as súas competencias, as seguintes:

- 6 • A organización e vida interna do MOVIMENTO
- 7 • As relacións con outras organizacións nacionais e internacionais.
- 8 • A xestión administrativa do MOVIMENTO, incluída a adquisición, administración,
- 9 transmisión e gravame dos seus bens.
- 10 • O seguemento político da acción gobernalmental, así coma da representación do
- 11 MOVIMENTO nas distintas instancias políticas.
- 12 • O deseño e a planificación política, definición de obxectivos e métodos, que
- 13 aseguren a coordinación dos diversos proxectos impulsados polo MOVIMENTO nos
- 14 distintos ámbitos de actuación.
- 15 • Apoiar a acción política pública das organizacións ás que o MOVIMENTO está
- 16 vencellada favorecendo a explicación e a difusión pública das diferentes propostas
- 17 formuladas e políticas aplicadas.
- 18 • Aprobar o proxecto de orzamento organizativo e as contas anuais para o seu debate
- 19 e posterior aprobación na Coordinadora Nacional.
- 20 • Facer unha proposta de nomes á Coordinadora Nacional para as distintas
- 21 competicións electorais.
- 22 • Convocar as distintas Comisións que considere pertinentes para a acción do
- 23 MOVIMENTO e coordinar a través das secretarías a acción sectorial.
- 24 • Nomear ás persoas que coordinarán a edición do boletín interno.
- 25 • Recabar das comarcas e localidades a información económica, contable e
- 26 financeira, que considere necesaria, así como intervir a caixa e a conta comarcais e
- 27 locais se as circunstancias así o demandaran.

28

29

### 30 Secretaría xeral

31

32 Ostentará a única voz oficial do MOVIMENTO en tódolos ámbitos e niveis organizativos,

33 presidirá tódolos actos da organización. Poderá delegar na Presidencia ou Secretaría de

34 Organización aquelas cuestións que considere oportunas, se ben esta delegación deberá

35 ser aprobada pola propia Executiva e deberá ser por tempo limitado.

36

37 Á Secretaría Xeral correspónelle dirixir politicamente a organización dacordo aos textos

38 aprobados na Asamblea Xeral na cal foi eleito, a súa lista será aquela que encabece e teña

39 acadado o maior número de votos.

40 Tamén será a responsable de convocar as xuntanzas da Executiva Nacional e establecer a

41 orde do día das mesmas.

42

43

## **1 Secretarías nacionais**

2 As Secretarías deseñarán o proxecto de actuación do MOVIMENTO no seu eido  
3 específico para o seu posterior debate e aprobación na Coordinadora Nacional. Con  
4 posterioridade, a Executiva executará a planificación acordada coordinando as secretarías,  
5 correspondendo á persoa que ostenta o cargo impulsar a execución das medidas  
6 correspondentes á súa área. Cada medio ano, as Secretarías Nacionais emitirán un informe  
7 da actividade desenvolvida para a súa valoración e avaliación por parte da Coordinadora  
8 Nacional.

9

10

11

## **12 Secretaría de Organización**

13

14 Terá como cometido o de impulsar a organización do MOVIMENTO a todos os niveis e  
15 sempre de acordo coas directrices tomadas na Coordinadora Nacional en colaboración  
16 directa coa Secretaría Xeral. Os principais cometidos serán:

- 17     ● Organizar o traballo político e orgánico de acordo a orientación definida nos  
18       diferentes órganos
- 19     ● Coordinar o funcionamento interno, así como o personal contratado ou  
20       colaboradores externos de maneira ordinaria.
- 21     ● Coordinarse organicamente coas diferentes comarcas, impulsar o crecemento da  
22       organización e a constitución de novas agrupacións.
- 23     ● Manter actualizados os censos das persoas afiliadas, simpatizantes e  
24       colaboradoras.

25

26

## **27 Secretaría de Finanzas**

28

29 A Secretaría de Finanzas terá como competencias a xestión das finanzas e o seguimento  
30 da xestión dos servizos complementares que se aproben pola Cordinadora Nacional.

31

32

## **33 Secretaría de Formación e Alternativas Programáticas**

34

35 Esta responsabilidade enfocará á organización como escola de formación de persoas  
36 afiliadas e cadros, deberá traballar na preparación ideolóxica, intelectual e en debate da  
37 afiliación.

38

39

## **40 Secretaría de Comunicación**

41

42 As competencias desta responsabilidade delimitánsen no marco das relacións cos medios, a  
43 xestión da web nacional e marcar a liña comunicativa xeral e para os perfís nas redes  
44 sociais de SUMAR GALICIA.

1 Coordinará os responsables de comunicación territoriais e institucionais, garantindo a  
2 unidade da mensaxe.

3

4

## 5 Secretaría de Mobilización

6

7 A Secretaría de Mobilización ten como competencias a dinamización da vida interna e a  
8 cohesión da organización, así como un fluxo constante de información coas personas  
9 afiliadas.

10 Basearse en ferramentas dixitais (email, mensaxería, etc) e mediante a realización de  
11 actividades e encontros coa colaboración do resto de Secretarías, especialmente as de  
12 Formación e Organización.

13 Así mesmo, terá a función de coordinar e impulsar grupos de traballo sectoriais.

14 Poderá, se así o estimara a Coordinadora Nacional, integrarse coa Secretaría de  
15 Organización.

16

17

18

## 19 Grupos Sectoriais

20

21 Os grupos sectoriais están formados polas personas afiliadas unidas por unha temática ou  
22 situación concreta.

23 A súa función principal será a análise do contexto actual de cada materia, de cara a  
24 formular propostas en materia de políticas públicas que nutran a acción institucional, a  
25 comunicación política ou a elaboración de programas electorais. Terán tamén, en  
26 colaboración coa secretaría de Formación, unha función pedagóxica e de debate para o  
27 resto da afiliación.

28

29 A súa constitución e clausura corresponde á Coordinadora Nacional, a instancias da  
30 Secretaría de Mobilización e a Executiva Nacional.

31 A Secretaria de Mobilización estará encargada de supervisar e coordinar o seu  
32 funcionamento.

33

34 Estarán abertos a toda a afiliación pero poderán establecerse restriccións obxectivas de  
35 acceso para garantir a súa operatividade.

36

37 É prioritaria a existencia dos seguintes grupos sectoriais:

38 • Mocidade, dirixido a todas as persoas de ata 35 anos.

39 • Maiores, dirixido a todas as persoas de 65 ou máis.

40 • Mulleres: Feminismos e igualdade

41 • LGTBIQ+

42

43 Máis aló de outros grupos sectoriais que puidesen existir no futuro sobre cuestiós tan  
44 propias do Movemento como laborismo o protección do medio ambiente, entendemos que

1 temos que comezar polo alicerce de todos os demais dereitos: a igualdade e non  
2 discriminación.

3 Poderán crearse cantes grupos sectoriais se considere para tratar diferentes temáticas,  
4 mais enténdese como prioritaria a existencia destes 4 baseados nas circunstancias  
5 individuais das persoas que os integran e na dimensión tamén persoal do risco  
6 discriminatorio. Existen outros grupos potenciais en base ás mesmas razóns, como  
7 discapacidade ou racismo, pero polo de agora temos que ser prudentes e axustarmos á  
8 realidade da nosa militancia.

9

10 Previa autorización da Executiva Nacional, poderán dotarse de mecanismos de  
11 coordinación interna, así como de ferramentas de comunicación externa propios. Isto último  
12 será sempre baixo a supervisión directa da Secretaría de Comunicación.

13 A Secretaría de Mobilización desenvolverá, e a Coordinadora Nacional aprobará, un  
14 regulamento xeral de funcionamento para os grupos sectorias.

15

16

17

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

31

32

33

34

35

36

37

38

39

40

41

42

43

44

45

## **1 Organización Territorial**

2

3 O MOVIMENTO basea a súa estrutura na constitución de grupos assemblearios locais e  
4 comarcas, que estarán conformados pola militancia residente e dada de alta no seu ámbito  
5 de alcance.

6

### **7 Constitución das Comarcas**

8 Para se constituír unha comarca cos dereitos e competencias que se reseñan más adiante  
9 será preciso:

- 10     1. Acordo maioritario da militancia desas localidades reunidos en assemblea convocada  
11       ao efecto a instancias da Executiva Nacional, mediante proposta da secretaría de  
12       Organización.
- 13     2. Ratificación da Coordinadora Nacional. Durante o tempo que pase entre o acordo da  
14       Executiva Nacional e a ratificación da Coordinadora Nacional, a Comarca afectada  
15       terá todos os dereitos e competencias que se lle recoñecen ao resto das comarcas  
16       xa constituídas.

17

18

### **19 Asemblea Comarcal**

20

21 A Asemblea Comarcal é o máximo órgano de decisión do MOVIMENTO na comarca e está  
22 composta por toda a militancia da mesma. As súas atribucións serán a definición dos  
23 criterios políticos e organizativos da comarca e a elección dos cargos comarcas.

24

25

### **26 Convocatoria**

27

28 A Asemblea Comarcal reunirase dun xeito ordinario cada tres meses mediante  
29 convocatoria, con 7 días de antelación. Asegurarase en todo caso, o prazo de tempo  
30 imprescindible para a recepción das convocatorias e documentación necesaria para os  
31 debates.

32 Extraordinariamente poderase reunir a solicitude dun tercio da militancia da Comarca ou por  
33 acordo do Consello Comarcal por maioría simple dos membros presentes, efectuada cunha  
34 antelación mínima de sete días.

35

36

### **37 Competencias**

38

- 39     ● As asambleas comarcas están facultadas para desenvolver a liña política do  
40       MOVIMENTO no seu territorio.
- 41     ● Estarán limitadas aos acordos e liñas políticas marcadas pola Asamblea Xeral.
- 42     ● Poderán emitir posicionamentos e acordos, e desenvolver a actividade política como  
43       mellor consideren dentro dos límites acordados neste documento.

- 1     ● En ningún caso poderán actuar de maneira que excedan o territorio correspondente,  
2       pero poderán coordinar con outras comarcas actuacións sobre temáticas comúns.  
3     ● Poderán propoñer, a través da súa representación na Coordinadora Nacional, que  
4       esta se posicione ou actúa sobre temáticas concretas. Tamén poderán transmitir a  
5       súa posición ou opinión conxunta, e poderán ser escoitados pola Coordinadora  
6       Nacional, a través da súa representación na mesma.
- 7
- 8

## 9 **Coordinadora Comarcal**

10

11 As Comarcas poderán elixir unha Coordinadora Comarcal, sendo os seus membros elixidos  
12 entre a militancia da comarca seguindo o procedemento de elección dos órganos nacionais.

13

14 Esta Coordinadora Comarcal, elixida pola Asemblea Comarcal, estará composta por un  
15 número de membros non inferior a 3 nin superior a 5.

16 As asambleas Locais constituídas estarán representadas pola persoa que ostente a súa  
17 Secretaría Local na Coordinadora da Comarca á que estean asignados.

18

19 De entre os seus membros elixirase un Secretario Comarcal ou unha Secretaria Comarcal,  
20 un Vicesecretario ou unha Vicesecretaria Comarcal, un Secretario ou Secretario de  
21 Organización e un Secretario ou Secretaria de Finanzas.

22

23 Quen asuma a Secretaría de cada Coordinadora Comarcal pasará a ser membro de pleno  
24 dereito do Coordinadora Nacional.

25

26 Serán atribucións da Coordinadora Comarcal a organización de Comarca, a coordinación  
27 dos grupos locais, as relacións cos medios de comunicación e outras organizacións  
28 políticas da comarca.

29 Reunirase ordinariamente unha vez ao mes convocada polo Secretario Comarcal e  
30 extraordinariamente a petición dun terzo dos seus integrantes, respectándose sempre o  
31 prazo de catro días e facilitándose a orde do dia previa.

32

33 A Vicesecretaría Comarcal substituirá á Secretaría Comarcal, con voz e voto, cando este ou  
34 esta non poda asistir ás Cordinadoras Nacionais.

35

36

## 37 **Asembleas Locais**

38

39 Naquelas localidades en que o número de militantes sexa superior a 5, poderanse  
40 constituir Asambleas Locais que elixirán unha Secretaría Local. A súa composición e  
41 competencias serán similares ás indicadas para as Comarcas mais sempre dentro do seu  
42 ámbito, e supeditadas as súas decisións e actuacións á aprobación do Consello Comarcal  
43 naqueles asuntos que poidan repercutir na Comarca de maneira xeral.

44

45

## **1 Responsabilidade de Coordinación Territorial.**

2

3 En cada unha das circunscripcións eleitorais onde o MOVEMENTO teña presenza, existirá a  
4 figura da Coordinación Territorial.

5

6 As súas funcións serán:

- 7     1. Colaborar coa Secretaría de Organización nos traballos dirixidos á consolidación e  
8       expansión territorial do MOVEMENTO.
- 9     2. Organizar e coordinar as comarcas naqueles temas que requirán de colaboración  
10      entre varias delas.
- 11    3. Representar á Secretaría Xeral en reunións no seu ámbito territorial no caso en que  
12      esta non poida acudir.
- 13    4. Convocar e presidir Convencións Territoriais cando así se decida.

14

15 As súas competencias estarán reducidas á coordinación electoral e á representación  
16 institucional, debendo a Coordinadora Nacional desenvolver un protocolo para a súa  
17 elección e funcionamento.

18 A súa elección farase nunha Convención Territorial convocado pola Secretaría Xeral, na que  
19 poderán participar todas as persoas afiliadas en dita circunscripción.

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

31

32

33

34

35

36

37

38

39

40

41

42

43

44

## **1 Cargos públicos**

2

3 Como resultado da súa actividade política e electoral, o Movemento Sumar Galicia dispón  
4 de representantes institucionais eleitos. Estas persoas conforman a principal canle de  
5 achegamento da sociedade á administración.

6 Unha das principais tarefas da nosa organización é ampliar a nosa representación e  
7 influencia nas diferentes institucións para maximizar a participación social na causa pública.

8

9 Os cargos electos do Movemento Sumar Galicia traballarán con autonomía no seu eido,  
10 sempre guiándose polos principios rectores emanados da Asamblea Xeral da nosa  
11 organización.

12 A súa tarefa principal será representar á cidadanía na institución da que forman parte,  
13 traballando conciuntamente cos órganos de coordinación e con lealdade á organización.

14 Colaborará na expansión organizativa e procurará poñer en contacto ás entidades co resto  
15 da organización e outros cargos institucionais.

16

17 A Coordinadora Nacional establecerá, por iniciativa da Secretaría de Finanzas, unha Carta  
18 financeira que deberá ser obligatoriamente subscrita por todos os candidatos e  
19 representantes institucionais.

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

31

32

33

34

35

36

37

38

39

40

41

42

43

44

## **1 As Finanzas**

2

3 O Movemento Sumar Galicia está comprometido coa transparencia e unha xestión  
4 razonable e adecuada dos fondos. Por iso, a secretaría de Finanzas velará por un uso  
5 responsable dos recursos en todos os niveis, buscando a maior eficiencia nos gastos.

6

7 Toda a documentación referida ás Finanzas estará, permanentemente, a dispor dos  
8 membros da Coordinadora Nacional.

9

10

## **11 Carta financeira**

12

13 No prazo dun mes a partir da celebración da Asemblea Xeral, a Secretaría de Finanzas  
14 presentará para a súa aprobación á Coordinadora Nacional a Carta Financeira do  
15 MOVEMENTO SUMAR GALICIA na que se recollerán os seguintes criterios:

16 1. Fixación da cota a abonar, tratando de artellar alternativas para aqueles militantes  
17 de menor poder adquisitivo. A cota será revisada anualmente pola Coordinadora  
18 Nacional.

19 2. O abono de cotas farase sempre con domiciliación bancaria ou tarxeta, non podendo  
20 realizarse abonos en efectivo.

21 3. Centralizarse o abono na Secretaría Nacional de Finanzas que transferirá a  
22 porcentaxe que se estime necesaria do total das cotas recadadas por cada comarca  
23 para sustentamento dos gastos da mesma, segundo decisión da Executiva Nacional.

24 4. Poderá acordarse a xestión centralizada dos cobros con Movimiento Sumar,  
25 procedendo a distribuírse o resultante según as porcentaxes acordadas no Protocolo  
26 de Relación e/ou na “Ponencia Organizativa” de Movimiento Sumar.

27 5. As comarcas remitirán trimestralmente á Executiva Nacional o estado de contas, con  
28 detalle dos gastos e ingresos tidos nese período.

29 6. Así mesmo a Secretaría de Finanzas dará conta á Coordinadora Nacional da  
30 evolución da situación financeira da organización.

31 7. O ano contable do MOVEMENTO é o ano natural (Xaneiro a Decembro).  
32 Anualmente e coincidindo coa primeira xuntanza da Coordinadora Nacional, a  
33 Secretaría Nacional de Finanzas, renderá balanza de contas do exercicio finalizado.

34 8. Igualmente, presentará proxecto de orzamento para o ano entrante que deberá ser  
35 ratificado pola Coordinadora Nacional.

36 9. Establecerase un procedemento de contratación claro tanto para empresas como  
37 para a incorporación de personal ou axudas técnicas.

38 10. Ademais, na carta financeira concretaranse outros conceptos como salarios, gastos  
39 de desprazamentos, dietas, cotas extraordinarias e outros que puidesen xurdir.

40

41

42

43

## **1 Comunicación interna e externa, cohesión, formación**

2

3 Co espírito democrático e horizontalista que representa o Movemento Sumar Galicia, é  
4 fundamental establecer os criterios da comunicación externa e interna, así como da  
5 formación dos nosos membros, co obxectivo de fomentar a maior participación posible non  
6 só entre as persoas inscritas, pero tamén do resto da sociedade.

7

8 No momento actual, é prioritario comunicar da mellor maneira posible o traballo realizado, a  
9 través de medios dixitais, prensa e redes. Mais o contacto directo, o exemplo militante,  
10 segue a ser o xeito máis efectivo de incorporar á sociedade ao proceso democrático. As  
11 persoas de Movemento Sumar Galicia son o maior activo da nosa organización.

12

### **13 Comunicación interna: informar sen saturar; formar para cohesionar**

14

15 Establécense diversas canles de comunicación bidireccionais entre tódolos ámbitos da  
16 organización, da un coas súas características, obxectivos e xeitos de traballar.

17

18 A fin principal das ferramentas de comunicación interna é facilitar o movemento de  
19 información dende as afiliadas aos equipos de coordinación, e viceversa; ampliar e difundir  
20 o impacto das publicacións e acción realizadas pola organización; facilitar a convocatoria de  
21 actos e actividades; dar a coñecer as iniciativas políticas realizadas nas institucións...

22

23 Usaranse de forma responsable, para evitar a saturación das canles e sobre todo das  
24 persoas que as utilizan. Será responsabilidade de todas as usuarias dar apoio aos esforzos  
25 de moderación e comunicarse de xeito respectuoso. Así mesmo, debe actuarse con  
26 conciencia e atención, para gardar a discreción debida ante certos contidos de uso interno.

27

28 Nos espazos de debate e discusión abertos, evitarse dar publicidade á propaganda de  
29 outras organizacións alleas ao Movemento e aos seus aliados. Evitarase difundir  
30 información non contrastada ou procedente de fontes pouco fiables ou acostumadas á  
31 difusión de “bulos” ou “fake news”.

32

33 Existirá un boletín semanal a todas a afiliación e inscritas para dar a coñecer as principais  
34 novas, iniciativas e actuacións de Movemento Sumar Galicia e das comarcas. Estará baixo  
35 a dirección da Executiva Nacional que nomeará a quen o coordine, que traballará  
36 conxuntamente cos equipos de Comunicación e Mobilización.

37

38 Habilitaranse mecanismos que permitan unha comunicación fluída de propostas e iniciativas  
39 por parte das afiliadas.

40

### **41 Formación ideolóxica, política, organizativa - maior fortaleza interna e unidade**

42

43 O Movemento Sumar Galicia, en tanto que ferramenta que busca a maior participación da  
44 sociedade na toma de decisións e na política, impulsará un proceso de formación contínua

1 da súa afiliación.

2 A Secretaría de formación, en colaboración directa co resto da Executiva Nacional e os  
3 territorios, promoverá a realización de talleres, conferencias, encontros... de diferentes  
4 temáticas para que as persoas do Movemento disponan de recursos cos que participar de  
5 maneira activa na creación de propostas e que poidan defendelas con garantías na súa vida  
6 diaria e na súa acción política.

7 Así mesmo, priorizarase a formación en aspectos ideolóxicos e políticos, para reforzar o  
8 crecemento da estructura interna de Movemento Sumar Galicia.

9

10 Especialmente importante será tamén a formación sobre procedementos administrativos e  
11 de xestión pública, á hora de crear candidaturas electorais con maior capacidade e  
12 solvencia.

13

14 Coa formación nos ámbitos económicos, xurídicos, administrativos, de expresión e debate,  
15 garantiremos a capacidade da nosa organización para ter impacto e ser útiles como ponte  
16 entre a sociedade e os ámbitos de decisión.

17

## 18 Comunicación externa

19

20 A comunicación externa é o medio principal para facer chegar as nosas propostas á  
21 sociedade, ben a través da prensa, nos seus diferentes formatos, ben a través das redes  
22 sociais, procurando chegar ao máximo posible de cidadáns.

23

24 A comunicación externa dependerá da Secretaría de Comunicación, en colaboración cos  
25 territorios e o resto da Executiva nacional. Presentará un plan de traballo adecuado aos  
26 tempos e co obxectivo de ampliar o impacto social das nosas iniciativas.

27

28 En xeral, a Secretaría Xeral ostentará a Portavocía de toda a organización, podendo  
29 delegarse no resto de Secretarías no seu ámbito de actuación, previo acordo da Executiva.  
30 Tamén poderán ostentar a Portavocía xeral temporalmente, cando así se acorde, a  
31 Presidencia do Movemento ou a Secretaría de comunicación.

32

33 Nos ámbitos comarcals e locais os seus coordinadores ostentarán a Portavocía no seu  
34 territorio cando se trate de temáticas que lles afecten exclusivamente. Cando se trate de  
35 temáticas xerais ou que superen o territorio, buscarase establecer un criterio conxunto. En  
36 todo caso, co obxectivo de garantir a coherencia das mensaxes, existirá unha coordinación  
37 permanente entre os territorios e o equipo de Comunicación .

38

39 Impulsarase a participación de cargos institucionais ou internos en tribunas, columnas de  
40 opinión, tertulias e debates de política xeral, para maximizar o alcance das nosas iniciativas.

41

42 Potenciaranse métodos disruptivos de “axitación e propaganda” para xerar conversa nas  
43 redes e noutros ámbitos, posicionar temas e dar a coñecer as nosas propostas, incluída a  
44 creación de equipas formadas por activistas e persoas alleas á estructura orgánica do  
45 Movemento.

46

## **1 O municipalismo, pedra de clave**

2

3 Temos a vontade de representar ao conxunto da sociedade, en tanto que persoas  
4 individuais, pero tamén a multitud de organización sectoriais e políticas que forman un  
5 tecido social vivo, disruptivo e combativo. E queremos, ademáis, facelo de maneira  
6 colaborativa, baseándonos no respecto, non na imposición. Iso non é posible sen a nosa  
7 presencia na administración más próxima, que son os municipios, para facer política útil:  
8 non se trata de contar concelleiros, se non de cantos avances logramos xuntas.

9

10 En tanto que organización democrática, respectuosa, horizontalista e aberta, dende  
11 Movemento Sumar Galicia impulsaremos a creación dunha rede de candidaturas municipais  
12 en todo o País, baseada no debate e na negociación, colaboración entre iguais aberta,  
13 plural, comprometida.

14

15 Entendemos como prioritario que existan alternativas progresistas en todos os concellos do  
16 País que impulsen políticas sociais, laborais e económicas para o 99%, e non para os  
17 privilexiados. Actualmente ningún dos grandes partidos é quen de representar a idea dunha  
18 sociedade que avanza unida e colaborando, se non que se instalan cómodamente no  
19 confrontamento e na loita. Buscamos, pois, unha proposta que sexa quen de facilitar a vida  
20 da cidadanía.

21

22 Con este obxectivo, teceremos relacóns coas organizacións políticas que comparten estes  
23 mesmos principios coa fin de presentar a nosa proposta en todo o territorio.

24

25 Esta colaboración establecerase caso por caso en cada municipio, con un diálogo entre a  
26 Executiva e as diferentes agrupacións, sempre contando coa afiliación do Movemento nese  
27 territorio.

28

29 En todo caso, naqueles lugares nos que non se chegue a acordo, procurarase evitar a  
30 confrontación e a competencia en procesos electorais contra forzas que comparten os  
31 nosos principios políticos, organizativos e ideolóxicos.

32

33 Fomentarase tamén a participación de perfís independentes dende a sociedade civil nas  
34 candidaturas.

35